



“Poema en viñetas”, de Dino Buzzatti:

O coñecido escritor italiano Buzzatti metido a debuxante de cómics (¿imaxinas a Cunqueiro ou a Fdez. Flórez facendo outro tanto?). Extraña posta ao día do mito de Orfeo pasado pola música pop-rock anos sesenta. Inquietante... e friki.



“Ganges”, de Huizenga:



Partindo da vida cotiá e aparentemente insulsa, o personaxe Ganges chega a ter experiencias ou perspectivas das cousas non precisamente insulsas nin vulgares. Ademais, este autor “indi” norteamericano experimenta non pouco coa linguaxe do cómic, facendo saír tamén ao lector da insulsa e vulgar lectura de sempre dos cómics de sempre.



Bacharelato e Ciclos Formativos Novidades de Banda Deseñada

“Snoopy y Carlitos, 1961-1962”, de Schulz:

A máis famosa cómic-strip. Protagonizada por nenos, pero non para nenos. Para deixarte atrapar polo seu fino humor e melancólica poesía deberás ler as tiras en orde, sen saltalas: o efecto é por acumulación.



“Buen tiempo”, de Joe Matt:

Historia autobiográfica de cando Matt era un neno mentireiro, egoísta e aproveitado, que utiliza sen escrúpulos aos seus pais e amigos para conseguir o seu último antollo. Hai cómics mellor debuxados, pero poucos con tanta garra.

ETCÉTERA: E lembra que hai moito máis na biblioteca desde fai anos: Corto Maltese, Príncipe Valiente, varios álbumes de cómics “indies” ou alternativos que están esperando por ti, western, ciencia-ficción, etc., etc., etc..

BIBLIOTECA



Máis información sobre Banda Deseñada en

<http://biblioafonso.blogspot.com/>

“Persépolis”, de M. Satrapi:

Relato autobiográfico dunha nena-adolescente-moza que vive a caída do Sha de Persia e a chegada do réxime fundamentalista islámico a Irán, e o seu posterior exilio en Europa. O cómic da película... deste cómic (eu me entendo). Imprescindible.

Da mesma autora, “Pollo con ciruelas”, tamén na biblioteca.



“Nunca me has gustado”, de Chester Brown:

O mellor do canadiano Chester Brown. Desasosegante e ambigua historia de seis páxinas (as do final), cun preámbulo dunhas cento oitenta, onde un adolescente Brown vai levando a súa incapacidade de comunicación entre tres mulleres, dúas adolescentes e a súa nai. Do mellor que temos na biblioteca. Lela é non poder olvidala...




“Watchmen”, de Alán Moore:

¿É posible un álbum de superheroes verosímil e non pueril? Velaí. A obra máis lograda do guionista británico Moore. Un dos cómics máis valorados de todos os tempos. Por seguridade, os superheroes son obrigados abandonar as súas actividades, pero un grupo plantéxase volver, debido a certos extraños sucesos... Un clásico. Unha catedral.



“Barrio lejano”, de J. Taniguchi:

A internacionalmente recoñecida obra mestra do xaponés Taniguchi. Manga, si, pero do máis alto nivel. Un pai de mediana idade volve extrañamente á súa adolescencia sen deixar de ser adulto, e volve a vivir aqueles tempos e lugares sendo e non sendo... ¿o mesmo? Reflexión sobre o paso do tempo e o propio destino, e unha oportunidade de coñecer algo máis o mundo xaponés. Excelente.




“Lisístrata”, de König:

O famoso cómic do inefable König. Humor... eeerr... ¿como soamente König sabe facelo...?



“Verano de amor”, de Drechsler:

Non son poucos os cómics creados por mulleres que temos na biblio. Drechsler é das mellores na actualidade. Pese ao título non é un álbum ñoño. Historia de amores adolescentes nunha lograda edición en só dúas cores.



“Espera...”, de Jason:

O só en aparencia pueril debuxo do noruego Jason esconde e ao tempo amosa a amizade na infancia, o ambiguo accidente que a trunca, e as amargas consecuencias de quen vivirá... para non deixar de contárseos... Dura, pero notable obra dun prometedor autor.

